



## Datos do Expediente:

PROCEDEMENTO ABERTO	
Unidade Tramitadora:	
Contratación e Obras Públicas - LMTG	
Número expediente:	Documento:
CON/55/2020	CON15122E
4U0A3Q2E2G4B3Q2P0UOW	

## RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

O Xefe da Sección de Contratación e Obras Públicas, con data 7 de setembro de 2021, subscribiu a memoria xustificativa do contrato denominado “Accesibilidade no edificio do Xulgado de Narón (Antigo Concello)”, actuación incluída no Plan Provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan Único de Concellos) POS+ADICIONAL 2/2021 que di:

“De conformidade co disposto no artigo 28 (necesidade e idoneidade do contrato e eficiencia na contratación) e 116 (expediente de contratación: iniciación e contido) da Lei 9/2017 de 8 de novembro de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directiva do Parlamento e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, elabórase a correspondente memoria xustificativa da necesidade do contrato das obras de: **“Accesibilidade no edificio do Xulgado de Narón (Antigo Concello)”**, actuación incluída no Plan Provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan Único de Concellos) POS+ADICIONAL 2/2021.

### **OBJECTO E NECESIDADE**

1. Obxecto: É obxecto deste contrato a adxudicación das obras denominadas “Accesibilidade no edificio do Xulgado de Narón”, ao abeiro do proxecto do mesmo nome que define a nivel técnico e orzamentario as obras necesarias para acometer os axustes razoables para a adecuación efectiva do edificio do Xulgado ás condicións básicas de accesibilidade e non discriminación. O proxecto prevé a instalación dun ascensor, a adecuación dos aseos da planta baixa e do aseo da planta primeira, a dotación dun acceso ao edificio adecuado á normativa para persoas con mobilidade reducida, adecuación do ancho dalgunhas portas, adecuación interior para eliminar os cambios de nivel.
2. Necesidade: É necesario realizar as actuacións indicadas de cara a dotar ao edificio do Xulgado de Narón das condicións necesarias de accesibilidade.

### **CPV**

45210000-2: Traballos de construción de inmobles.

### **DURACIÓN**

O prazo de execución destas obras é de catro (4) meses.



## ORZAMENTO DE LICITACIÓN, VALOR ESTIMADO, APLICACIÓN ORZAMENTARIA E CÓDIGO DE PROXECTO

Orzamento de licitación:

Execución material .....	85.229,31€
Gastos xerais (13%).....	11.079,81 €
Beneficio industrial (6%).....	5.113,76 €
Base.....	101.422,88 €
IVE (21%).....	21.298,80 €
<b>Presuposto execución por contrata (orzamento de licitación) .....</b>	<b>122.721,68 €</b>

Valor estimado:

Orzamento de licitación (sen IVE) .....	101.298,80 €
Modificacións ao alza previstas .....	0,00 €
Outros conceptos que integran o valor estimado.....	0,00 €
<b>Valor estimado.....</b>	<b>101.298,80 €</b>

**Aplicación orzamentaria: 9330.63200**

**Código de proxecto: 2021 2 00000 67**

### FINANCIAMENTO

FONTES DE FINANCIAMENTO	
Deputación da Coruña	Concello de Narón
108.056,01€	14.665,67€*

\*A aportación municipal financíase con cargo ao EMC 17/2021: subexpediente nº3/2021 de crédito extraordinario e suplemento de crédito.

### CUALIFICACIÓN DO CONTRATO E XUSTIFICACIÓN DO PROCEDEMENTO

Estamos perante un contrato administrativo de obras de conformidade co disposto no artigo 13 da LCSP.

O procedemento para contratación destas obras mediante procedemento aberto que podería ser simplificado, se os informes posteriores así o confirmasen, dado que o seu valor estimado non supera o límite dos 2.000.000,00 de euros, como establece o artigo 159.1.a).

### DIVISIÓN EN LOTES

Este investimento, pola natureza do seu obxecto, non pode ser dividido en lotes que sexan de obra completa.”



Polo anteriormente exposto esta Alcaldía, como órgano de contratación en virtude da D.A. 2ª LCSP, e ao abeiro do art. 116.1 desta mesma norma,

## RESOLVE

**PRIMEIRO:** Que se incoe o expediente de contratación da obra “Accesibilidade no edificio do Xulgado de Narón (Antigo Concello)”.

**SEGUNDO:** Que a Secretaría emita un informe sobre a lexislación aplicable, a Sección de Contratación sobre o procedemento que hai que seguir, e que Intervención certifique a existencia de crédito e informe sobre a porcentaxe que supón a contratación en relación aos recursos ordinarios.

*Ante min.  
(Dou fe da identidade do asinante)*